



BASES DO 2º TORNEO DE TENIS DE MESA XUVENIL CONCELLO DE SANTA COMBA

DATA: Xoves 29 de agosto de 2024, a partir 15:30h.

LUGAR: Piscina municipal ao aire libre. En caso de tempo adverso, Recinto Feiral.

COTA: Inscripción de balde.

PARTICIPANTES: Mozos e mozas desde os 11 ata os 30 anos.

INSCRICIÓNS

A inscrición no torneo estará aberta dende o 14 ata o 27 de agosto ás 12:00h e poderá levarse a cabo na páxina web do concello de Santa Comba (apartado de reservas) ou na Oficina Municipal de Deportes.

O torneo será individual e para idades comprendidas entre os 11 e 30 anos. Os/as menores de 18 anos necesitarán unha autorización do pai/nai ou titor para poder participar.

O día 27 de agosto farase o sorteo con cruces e horarios dos partidos, que se publicará nas redes sociais do concello.

BASES

Formato

- Será un torneo individual. O formato dependerá do número de inscritos. Os 16 primeiros participantes que se inscriban entrarán directamente no torneo. No caso de que o número de inscritos sexa maior, poderanse instaurara roldas previas, fase de grupos ou listado de agarda.
- O torneo será de carácter eliminatorio.
- O mércores 27 de agosto comunicarase e publicarase nas redes sociais do concello o cadro e os horarios dos partidos. Os/as participantes tamén serán avisados/as.

Partidos

- Os/as participantes terán que presentarse como mínimo 15 minutos antes do partido co DNI.
- Se un/unha xogador/a non se presenta daráselle o partido por perdido.
- Os partidos xogaranse ao mellor de 3 sets de de 11 puntos cada un, sen límite de tempo.
- Antes do inicio do partido farase un sorteo para saber quen comeza sacando.

Outros aspectos

- A participación no torneo será gratuíta e os gañadores recibirán un agasallo.
- Calquera outro suposto que non apareza contemplado nestas bases será resolto pola persoa encargada da organización do torneo e pola area de Deportes do Concello de Santa Comba.